


HOMES E MULLERES DE SAL E FERRO



XESÚS BÚA

SINOPSE

O fotógrafo muxián Xesús Búa retratou desde hai moitos anos os percebeiros das cofrarías de pescadores de Camelle, en Camariñas, e > de Muxía mariscando nas pedras das Lobeiras, Punta da Barca, Punta da Buitra, cabo Touriñán...

A través da historia gráfica que nos propón neste libro, o autor describe a xornada completa de traballo destes percebeiros da Costa da Morte, desde que almorzan na casa, baixan ao mar e saltan ás pedras para centrarse na loita coas ondas ata rematar coa escolla do produto cando volven á terra. Ademais, repartidos por entre o relato, inclúe numerosos retratos dos protagonistas.

Son imaxes potentes de homes e mulleres poderosas, curtidas polo sal, recias e fortes, física e psiquicamente, duras coma o ferro ben afiado da súa rasqueta, que se achegan aos perigosos e batidos riscos e pedras onde recollen exquisito manxar co que o Atlántico nos agasalla e que, en condicións moi duras e arriscadas, apañan eles para gañarse a vida.

O relato visual vai acompañado de textos e poemas de sete autores desta Costa da Morte que, chea de enorme beleza, tamén é costa de vida....



CANELA PRODUCTIONS,

Editora	EDITORIAL ETNOGRAFICA
Materia	FOTOGRAFIA
Colección	IMAXES DUN PAIS
EAN	9788409634910
Estado	Disponible
Encadernación	Cartoné
Páxinas	195
Tamaño	200x255x30 mm.
Peso	940
Prezo (Imp.inc.)	35,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	02/12/2024

Títulos relacionados



A IDADE DO FERRO. UNHA
TRADICION ENTRE GALICIA E
ASTURIAS
JOSE M. SALGADO



CARLOS
VALCARCEL. FOTOGRAFIA
ETNOGRAFICA 1960-1980
V.V.A.A.



FINIS TERRAE
MARCOS RODRÍGUEZ